

## NORMATIVA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE FENE

A entrada e utilización dos servizos da biblioteca é libre e gratuíta atendendo o cumprimento das seguintes normas:

- Para a consulta de materiais na sala da biblioteca non é necesario ser socio.
- Os usuarios poderán acudir en calquera momento a solicitar axuda ó persoal da biblioteca para atopar un libro ou facer unha consulta bibliográfica.
- Os socios da biblioteca poderán proporlle ao bibliotecario a adquisición de obras que considere necesarias, cubrindo o impreso de “Desideratas”. A biblioteca, tendo en conta o interese xeral da obra en cuestión e o presuposto de que se dispón, decidirá sobre a súa compra.
- Para a utilización do servizo de préstamo a domicilio é necesario dispor do carné de lector, que será gratuíta, persoal e intransferible, e que se deberá presentar ó persoal da biblioteca para efectuar o préstamo.
- Para a obtención do carné son necesarios os seguintes requisitos:
  - mostrar o DNI,
  - os menores de 14 anos traerán unha solicitude cuberta polos pais ou titores.

### CONDICIÓNS DO PRÉSTAMO A DOMICILIO

- Cada usuario poderá retirar ó mesmo tempo seis documentos (libros, videos, revistas, CD ...) por un prazo máximo de 15 días. O préstamo será renovable por dúas veces e polo mesmo período de quince días, sempre que se presenten os libros na biblioteca ou que se faga a renovación por teléfono. Se o libro está reservado por outro lector só se prestará por 15 días e non se poderá renovar o préstamo .
- O lector, e no caso dos menores os seus pais ou titores, será responsable dos materiais levados en préstamo da biblioteca, estando obrigado a repoñer os que estivesen deteriorados ou se perderan. A biblioteca facilitaralle os datos para que poida adquirir un exemplar igual ó extraviado.
- Cada lector poderá reservar até un máximo de tres libros.
- Quedan excluídos do préstamo as obras de referencia (enciclopedias, dicionarios,...), as revistas do mes en curso, documentos moi consultados e dos que só se teña un exemplar e todos aqueles que polo seu estado de conservación non sexa aconsellable o seu uso ou que pola súa rareza non podan ser reemplazados.

O usuario comprométese a observar as normas descritas para que o funcionamento do servizo bibliotecario sexa o mellor posible. O persoal da biblioteca está para calquera dúbida, consulta ou suxestión.

## DESIDERATAS

O lector D/Dña .....  
co carné de usuario da biblioteca nº ..... e co enderezo  
en .....

Solicita que a biblioteca adquira os seguintes documentos:

1.-Título : .....  
Autor : .....  
Editorial : .....

2.-Título : .....  
Autor : .....  
Editorial : .....

3.-Título : .....  
Autor : .....  
Editorial : .....

A biblioteca comunicarlle se é posible a súa incorporación ó fondo bibliográfico.

# REGULAMENTO DO USO DOS EQUIPOS INFORMÁTICOS

**1.-** Para utilizar os equipos é necesario **darse de alta nos ordenadores** como usuario. Se é menor de 16 anos terá que darse de alta o pai/nai/tutor primeiro para despois autorizar ao menor. Se non se introduce “usuario” e “contrasinal” propia, non se poden utilizar os equipos.

**2.-** O tempo máximo de utilización é de unha hora por persoa e día, pero atendendo á demanda e ao uso que se faga deles, pódese ampliar ou reducir ese tempo.

**3.-** É necesario seguir os mesmos pasos para utilizar a **wifi**, darse de alta como usuario e os tempos son iguais.

**4.-** Pódese imprimir seguindo os seguintes criterios:

- Mentres non se aproben os prezos públicos pola utilización do servizo, os traballos a imprimir non poden exceder de **10 follas**.

- Só se poden imprimir traballos relativos a:

- . actividades académicas e **traballos escolares** elaborados (non artigos, páxinas web...)
- . proxectos de teletraballo, formación e teleformación
- . **curriculum vitae** e procura de emprego
- . autoaprendizaxe, instancias, matrículas,... impresos oficiais

**5.-** Pódense pedir auriculares ao persoal da biblioteca, a quen lle serán devoltos.

**6.-** O mal uso que se faga dos equipos e accesorios postos a disposición dos usuarios, será motivo suficiente para prohibir o seu uso no futuro, ao igual que non respetar as normas que rixen o funcionamento deste servizo.

Calquer deterioro nos equipos terá que ser aboado ou repostado polo usuario que o danou.

**7.-** Está prohibido beber ou comer nestas instalacións.

**8.-** O/a usuario/a está obrigado a non molestar aos outros usuarios, a non recoller información persoal sobre outros/as usuarios da Rede e cumprir a lexislación vixente en materia de protección de datos.

## ACTIVIDADES CONTRARIAS Á FINALIDADE DO PROGRAMA OU Á LEI

**9.-** O/a usuario comprométese a non utilizar os equipos para a realización de actividades contrarias á lei ou con fins ilícitos, prohibidos ou lesivos de dereitos e intereses de terceiros. Neste sentido, está expresamente prohibido e sancionarse coa expulsión:

- Acceder a páxinas web con contidos pornográficos, xenófobos ou racistas.
- Almacenar ou xestionar contidos susceptíbeis de infrinxir dereitos de natureza civil, penal, administrativa ou da natureza que sexa.
- Almacenar contidos que sexan susceptíbeis, de acordo coas disposicións legais aplicábeis, de infrinxir o dereito de propiedade industrial, intelectual e dereitos semellantes de terceiros ou que constitúan información privilexiada ou información sobre a que se ten o deber de confidencialidade.

**10.-** Está prohibido chatear, baixar música, videos e “software”. Cando sexa imprescindible utilizar un programa ou aplicación, haberá que solicitar a correspondente autorización ao persoal responsable da biblioteca.

**11.-** Está prohibida a instalación de calquera programa. En caso de necesitar utilizar determinadas aplicacións informáticas diferentes ás instaladas, hai que solicitalo previamente ao responsable da biblioteca.

Para calquera dúbida ou aclaración consultar ao persoal da biblioteca.